

## COMISIÓN DE ACCIÓN SOCIAL ACTA

**Data:** 16 de abril de 2018

**Hora de inicio/hora de remate:** 12.18 h. / 13:20h

**Lugar:** Sala Xuntas I da Xerencia

**Membros:**

Pola Universidade:

- Manuel Fernández Jauregui
- Antonia Melón Amor
- Marta Cogolludo Fernández (secretaria)

Polos Comités de Empresa de PAS de Ourense e Pontevedra:

- Marcos Estévez Orge cambia por novo nomeamento de
- José Estévez Vázquez
- Carlos Román Lago (desculpa asistencia)
- Luis Pérez Gómez

Pola Xunta de PAS:

- María José Ríos Santomé (desculpa asistencia)
- Benedicta Expósito González (desculpa asistencia)
- Ruth Velasco Martínez (está de baixa I.T)

Pola Xunta de PDI:

- Generosa Fernández Manín
- Xavier Roca Pardiñas (non asiste)
- Jose Carlos Alvarez Villamarín

Polos Comités de Empresa de PDI de Ourense e Pontevedra:

- Begoña González de Prado
- Javier Lorenzo Paniagua

### ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da xuntanza anterior (16/10/2017 e 7/11/2017).
2. Autorización de gasto para Acción social 2017 e Campus Camp 2018.
3. Valoración das solicitudes, aprobación de criterios, toma de decisións e incidencias da convocatoria de Axudas do Fondo Social 2017. (Anexo I e II)
4. Informe anticipos concedidos 2017. (Anexo III)
5. Rogos e preguntas.
6. Aprobación da acta.

María José Ríos Santomé e Benedicta Expósito González, Carlos Román Lago desculpan asistencia.

O comité de empresa de Pontevedra comunica o nomeamento como titular nesta Comisión José Estévez Vázquez.

**No punto 1.** Despois de revisar as actas os membros que asistiron as xuntanzas do 16/10/2017 e 7/11/2017 as aproban por asentimento.

**No punto 2.**

O Xerente comunica que o importe que se destinará á convocatoria de axudas do Fondo Social 2017, a pagar no exercicio 2018, será de 179.000 €, a mesma cantidade dos anos anteriores.

En relación ao Campus Camp, aínda non hai petición do Servizo de extensión universitaria pero queda comprometido no orzamento 2.000€ para Campus Camp.

**No punto 3.** Tralo envío da documentación, tómanse as seguintes decisións en relación ás incidencias presentadas no cadro 3.a que figura como anexo.

-Refª 3b, *Escrito de solicitude de inclusión vacinas meningococo B*; a Comisión acorda en base á convocatoria (base duodécima apartado 3) excluíla posto que as vacinas están excluídas.

-Refª 3c, *Axuda psicoeducativa* ; Refª 3d, *Logopedia*; Refª 3e *Logopedia e terapia ocupacional*; Refª 3f, *Psicólogo*

A comisión debate as incidencias 3c,3d,3e,3f en conxunto para tomar unha decisión.

Os tratamentos psicolóxicos, psiquiátrico, axuda psicoeducativa, rehabilitación neurosicolóxica, tratamento TDAH, dislexia, asperger, logopeda e terapia ocupacional non se admiten por ser tratamentos non incluídos na convocatoria (base duodécima apartado 3).

-Refª 3g, *Varices*; a Comisión acorda denegalo por ser un tratamento incluído na Seguridade Social.

-Refª 3h, *Óptica sesión reflejos primitivos*; a Comisión acorda denegar porque falta informe dun facultativo do Servizo público de saúde xustificativo da necesidade do tratamento e que indique que non está cuberto pola seguridade social.

-Refª 3i, *Fisioterapia*; Refª 3j, *Rehabilitación hernia discal*.

A Comisión acorda denegar Fisioterapia e rehabilitación por ser tratamentos cubertos pola Seguridade Social.

-Refª 3k, Moldes oídos auga; a Comisión acorda admitir esta axuda.

-Refª 3l, 3m: solicitudes en branco; a Comisión acorda solicitar informe á asesoría xurídica, estas solicitudes resolveranse no sentido que indique a asesoría xurídica.

No **punto 4**, Informe sobre anticipos concedidos coméntase que o número de solicitudes de anticipos durante o ano 2015 houbo 34 solicitudes. durante o ano 2016 34 solicitudes e durante o ano 2017 38 solicitudes.

Neste informe vese que o número de solicitantes anual, así como o desagregación por colectivos e por importes solicitados.

No **punto 5**, Rogos e preguntas, non hai rogos nin preguntas.

No **punto 6**, Aprobación da acta.

Unha vez rematados os puntos a tratar, dase un receso para elaborar e ler a acta, que se revisa e aproba na mesma sesión.

E sen máis asuntos que tratar, Ás 13:20 do 16 de abril de 2018 conclúe esta reunión da que, como Secretaria, dou fe.



